

NÚMERO 3/16

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 17 DE MARZO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dezasete de marzo de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Asiste o Interventor D. Jaime Presas Beneyto. Escusa a súa ausencia a concelleira D^a. Isabel Reimundez Suárez.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédeuse ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión nº 21/2015, de 30 de decembro.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 21/2015, de 30 de decembro.-

2º.- Proposta de participación municipal no Plan Provincial de Aforro e Inversión PAI 2016.-

A instancia da Alcaldía o concelleiro sr. Tenreiro expón a proposta, motivada polo mal estado en que se acha gran parte do parque móbil e as boas condicións que proporciona o préstamo provincial do PAI para renovo, solicitando o préstamo por un importe de 150.000.- euros para adquisición dun turismo para a Policía Local, unha furgoneta pick-up para o SEM, un camión de caixa aberta con grúa para a Brigada de Obras e Servizos, un camión con caixa e volquete para a Brigada de Servizos e unha pala Mixta tamén para a Brigada de Servizos, incluso coa posibilidade de amortizar o préstamo antes do remate do seu prazo.-

O sr. Suárez considera que se trata de investimentos obxectivamente necesarios para renovación do parque móbil, de necesaria aprobación. En igual sentido se manifesta a sra. Bolaño. O sr. López Mallo entende que a proposta é razoable polo estado dos vehículos municipais, pero o Concello podería solicitar 90.000 euros máis para realizar obras importantes, e o seu grupo tampouco comparte a idea de adquirir os vehículos, actualmente acúdese a outros sistemas como o renting, non obstante o cal están a favor.-

O sr. Tenreiro agradece a actitude favorable dos grupos e di que o concello xa ten dous vehículos en renting e que considera caro este sistema. Discuten o sr. Tenreiro e o sr. López Mallo verbo de se o goberno municipal do PP solicitou ou non en 2015 esta liña de crédito da Deputación.-

O sr. Alcalde di que se considerou máis conveniente solicitar préstamo para adquisición e non recorrer ao leasing ou renting porque estas modalidades computan para a regra de gasto e o PAI non, de xeito que é factible investir maior contía dos nosos orzamentos en gasto social.-

Efectuada votación acórdase por unanimidade:

1º.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

Entidade Financeira.- Número/Código Préstamo.- Préstamo provincial aplicado á minoración da débeda.-

.- .- .-
TOTAL.- ---- .-

B) Inversións: Subministracións

DENOMINACIÓN.- ORZAMENTO TOTAL.- ACHEGA MUNICIPAL.- PRÉSTAMO PROVINCIAL.-

1 turismo para Policía Local.- 30000.- ---- .-30000.-

1 Furgoneta Pick-Up para o SEM.- 30000.- ---- .-30000.-

1 Camión caixa aberta con grúa para a Brigada de Servizos.- 30000.- ---- .-30000.-

1 Camión con caixa volquete para a Brigada de Servizos.- 30000.- ---- .-30000.-

1 Pala mixta con cazo de limpeza orientable para a Brigada de Servizos.- 30000.- ---- .-30000.-

TOTAL.-150000.- 0.-150000.-

Aprobar os correspondentes pregos de prescricións técnicas.-

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS.- PRÉSTAMO PROVINCIAL.-

Subtotal redución de endebedamento.- ---- .-

Subtotal investimentos (obras ou subministracións).- 150.000.-

TOTAL.-150.000.-

2º.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración.-Orzamento.-

---- .- ---- .-

TOTAL.- .-

3º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación das subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

4º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das subministracións para as que se vai aplicar o préstamo provincial asignado.-

5º.- Autorizar á Deputación Provincial de A Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

6º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.[]-

3º.- Aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal.-

O concelleiro delegado sr. Montouto comeza recoñecendo o labor dos seus antecesores no cargo, así como o traballo do equipo redactor do Plan, Monteoliva arquitectos, da Unidade de Urbanismo do Concello, do arquitecto do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación e da Intervención e da Secretaría do Concello. Desculpase por non ter sometido a aprobación o plan nos seis primeiros meses de mandato. Di que cando se produxo o cambio de Corporación acharon o documento do plan con todos os informes externos favorables que aínda non se levara a aprobación, e eles subírono á web para que fose de coñecemento público e o facilitaron a todos os grupos; de entre as distintas alternativas escolleron a de seguir cara adiante, por responsabilidade, e acometer cambios non substanciais pero significativos, que mellorasen o documento e permitisen aprobalo de acordo cos criterios políticos e urbanísticos que sempre defenderon: compatibilizar o desenvolvemento urbanístico coa sostibilidade, priorizar o respecto medioambiental e preservar a Costa, planificar un crecemento equilibrado entre o núcleo Urbano e as parroquias, prever dotacións e flexibilizar os usos do Hotel, delimitar superficie suficiente para usos industriais e comerciais. E isto co prazo dun mes dende que se aprobou a nova lei do Solo o pasado 19 de febreiro para non estar na obriga de adaptalo á nova lei, o que obrigaría a aprazar máis tempo aprobación do PXOM. Explica o sr. Montouto detidamente os cambios introducidos a través dun documento que lle presentaron aos grupos da oposición para seu coñecemento e para que fixeran súas achegas si así o estimaban oportuno, analizando a redución da capacidade residencial, o gasto nas actuacións (zonas verdes, espazos libres, etc), as variacións nos sectores urbanizables residenciais e non residenciais, eliminación dos polígonos que desclasificaban o solo de consolidado a non consolidado e que poderían dar lugar a conflitos xudiciais, plan especial de protección para o Pazo de Meirás, etc. Fala da controversia política xurdida verbo do carácter substancial ou non substancial das modificacións do documento, lembrando que tanto o informe do equipo redactor como o do arquitecto do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación, o do técnico xeral de administración xeral de Urbanismo e o informe do Secretario do Concello que constan no expediente non deixan lugar a dúbidas sobre o carácter non substancial de ditos cambios, e cita unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza relativa ao municipio de Betanzos. Di que o portavoz do Partido Popular na sesión extraordinaria do pasado mes de decembro manifestara o compromiso do seu grupo de votar a favor da aprobación do plan se o traían a pleno no primeiro trimestre sen modificacións substanciais, polo que vistos os informes que obran no expediente e vistas estas declaracións, supón que o Partido Popular votará a favor. Considera que os cambios efectuados, que son froito da vontade política, non supoñen un cambio de criterio respecto ao modelo territorial elixido, senón que se producen no marco legal da racional discrecionalidade administrativa. Entende que un PXOM non pode ser un instrumento ríxido e inmutable, senón un documento flexible e aberto aos cambios que as circunstancias impoñan polo que vistos os cambios para mellorar o documento existente, espera que este sexa aprobado por unanimidade.-

O sr. Suárez considera a intervención do sr. Montouto suficientemente clara e profunda para dar por explicado o asunto; só quere deixar patente a disxuntiva que se plantexa: ou ter xa plan xeral para os

vindeiros anos ou ter que comezar de cero atrasando varios anos a consecución deste obxectivo e soportando en tanto unha normativa urbanística obsoleta e caótica. O seu grupo está no goberno municipal entre outros motivos para sacar adiante o Plan Xeral, que comezou cun goberno municipal do BNG, continuou outro do PP e vai rematar o actual goberno. O seu grupo, sen prexuízo da aprobación do plan, seguirá defendendo cuestións como a supresión do falso túnel de Fontán, a protección das Brañas ou que o Pazo de Meirás sexa devolto sen compensación para os actuais donos; pero o PXOM representa moitas outras cousas, como a obtención de solo, mellora das redes de servizos, dinamización do crecemento económico con criterios de sustentabilidade, postos de traballo, etc.; considera que o documento en conxunto non lles motiva ningunha obxección e polo tanto contribuirán a que Sada teña por fin un instrumento de ordenación para os vindeiros anos.-

O sr. Gómez considera que esta é a sesión máis importante das últimas décadas e vai supoñer a maior transformación do Municipio desde que o goberno de Moncho fixo o Paseo Marítimo e a Praia nova, así como tantas outras obras que converteron a Sada na xoia do norte de Galicia. Di que houbo quen por resentimento quixo paralizar o plan dicindo que o goberno actual quixo dar o cambiazo, pero nestes últimos meses no se deu un cambiazo senón 70, para evitar outros tantos pelotazos que algúns espabilados querían dar pensando só no proveito propio. Fala do camiño seguido pola tramitación do PXOM, dos cambios introducidos a instancia da Xunta e a resultas das alegacións, pero tamén se fixeran outros cambios non pedidos pola Xunta nin polos veciños nas alegacións, exemplo dos cales é a parcela do polígono de Fontán chamada xa a finca do pelotazo, que pasou dunha edificabilidade de 0,5m²/m², a 0,85m²/m²; di que como ese había outros pelotazos que se quería facer e que agora con este Plan se corruxen esas inxustizas. Efectúa acto seguido unha longa exposición das melloras introducidas no documento en relación co anterior, coa intención de dar unha visión de conxunto e de salientar as liñas xerais das determinacións referentes á clasificación do solo e do modelo urbano escollido. Tras a súa ampla e tecnicamente detallada exposición, o sr. Gomez pide ao sr. Alcalde desculpas por terse estendido no tempo e di que dada a importancia do asunto, se un quere aprobalo debe expoñelo á súa forma.-

A sra. Bolaño súmase ás verbas do concelleiro de urbanismo, agradece o traballo técnico de todos os que participaron na elaboración e tramitación do plan, incluído o propio concelleiro de Urbanismo que ao longo destes meses traballou duro e recibiu a moitísimos veciños. Di que o PSOE deixa a súa vontade política neste Plan respecto do que quere que Sada sexa de aquí a dezaseis anos; todos os partidos políticos aquí representados tiñan no seu programa político moitas cuestións relacionadas de forma directa ou indirecta co PXOM, no caso do seu grupo, por exemplo, aparcamentos nos cemiterios parroquiais, aparcamentos nas praias que non están no núcleo urbano, máis usos dotacionais, sanitarios e asistenciais, etc. Aquí é onde hai que debater e manifestar a vontade política de que plan se quere para Sada; leuse na prensa de forma reiterada que hai cambios substanciais, terxiversando, escollendo parágrafos dos informes, ela afirma aquí que os cambios non son substanciais como así din os diversos informes técnicos que están no expediente, e que non hai que enganar aos cidadáns. Considera que é un bo plan no que se aproveitou o traballo deixado polo anterior goberno, e pide o voto favorable por responsabilidade, porque noutro caso a nova lei do solo levaría aos inicios, a que Sada seguira sen PXOM.-

O sr. Anido di que durante o mandato anterior seguiuse unha tramitación moi complexa do Plan Xeral, con exposición pública de tres meses para participación da cidadanía a través das alegacións, e cunha serie de adaptacións debido aos informes sectoriais ata chegar ao documento definitivo que se trouxo ao Pleno extraordinario pedido polo seu grupo e celebrado en decembro para a aprobación provisional dese Plan, o cal garantía a seguridade xurídica, cousa que non garante este novo documento ao ter sufrido cambios substanciais e modificacións que fan necesaria a súa nova exposición ao público para así garantir a participación dos veciños. O diñeiro gastado neses cambios era mellor aproveitalo en adaptar o plan á nova lei do solo, porque conforme á Disposición Transitoria 2ª desta bastaría con adaptar o plan aprobado inicialmente ás súas determinacións sen que isto implicara por si só a necesidade de nova información pública e por tanto a simple adaptación do Plan á dita lei non supón un atraso considerable. Di que ningún técnico cotexou os documentos para comparar a natureza dos cambios e só se basean no informe do equipo redactor, que os describe xenericamente. O informe do arquitecto da Deputación non se pronuncia sobre as variacións que puiden haber entre a versión do Plan formulada para aprobación provisional e a que foi obxecto de información pública; o técnico de Administración Xeral, con dilatada experiencia neste concello e que foi de número 2 do sr. Rodríguez Ares, fixo un informe denso e longo pero que non entra a cotexar nin a valorar as modificacións deste Plan. Tamén hai un informe do Secretario, condicionado polo reducido período de tempo que tivo para

analizar o asunto, que subscribe os informes mencionados. Di que o seu grupo quere garantir a seguridade xurídica, poderían incluso estar de acordo con algún dos cambios propostos polo goberno municipal, pero a falta de nova publicación pon en risco de futuros problemas e de que este plan sexa de moi pouco percorrido. Os informes sectoriais non se refiren a este documento, senón ao que se trouxo en decembro de 2015, e a memoria ambiental contempla cuestións que cambiaron radicalmente, é dicir, hai unha serie de cambios que eles consideran substanciais; fala de varios dos cambios efectuados, coma o da parcela do hotel, que só varía para reducir os usos que o plan anterior contemplaba, ou o do aparcadoiro previsto en Veigue, que necesita un informe de Patrimonio e un informe de costas, eles pensan que iso é un cambio substancial, ou a expropiación fronte á Igrexa de Veigue, sen que o veciño afectado teña a oportunidade de poder alegar en canto a esa expropiación; tamén houbo cambios en canto ás alegacións, habendo moitas delas aceptadas parcialmente e comunicadas aos veciños que agora nada teñen que ver co documento novo, o que semella unha clara indefensión. Cre que a publicación na web de alegacións de xente que nada teñen que ver co plan de Sada, dos que supostamente se usurparon as identidades, é o suficientemente grave como para motivar unha investigación.-

O sr. Suárez considera que o grupo PP non ten ningunha intención de que Sada avance se non é segundo os seus intereses, falan de vontade política pero neste documento están as achegas que fixeron todos os grupos políticos menos o PP. Di que o sr. Anido equivócase ata nos exemplos que pon, porque fala do hotel cando quixo traer docencia para un sitio que non tiña uso docente, pero o que mais lle molesta é que aquel poña en dúbida e afee o traballo do equipo redactor, de técnicos municipais e do propio concelleiro de Urbanismo, polos que hai que ter respecto e agradecemento ao intenso traballo feito neste tempo.-

O sr. Gómez di que vai amosar un plano de marzo de 2012, da chamada finca do pelotazo no documento previo á aprobación inicial, no que tiña unha edificabilidade de 0,50 m²/m², mentres que no documento de aprobación inicial, sen pasar polo período de alegacións, dita finca pasa a edificabilidade de 0,85 m²/m² e para que non haxa dúbida ningunha di que vai ler un certificado do rexistrador mercantil accidental de A Coruña sobre a inscrición no rexistro da sociedade denominada Promotores de viviendas Sada S.L. que ten como socios constituíntes a D. José Manuel Anido Varela e D. Ernesto Anido Varela, os cales figuran no catastro de Bens inmobles como propietarios da finca mencionada; isto non é unha modificación substancial pero é un cambio dado sen facer alegacións e non cre que fora obra sen mais do equipo redactor. No escrito que o grupo PP presentou o 11-03-2016 non din todos os cambios que se fixeron, como en Pazos, Meirás, Vilar, Osedo, etc., pero todo está documentado e está no lugar onde ten que estar.-

A sra. Bolaño di que o sr. Anido fala de seguridade xurídica cando el respondeu as alegacións dos veciños sendo alcalde en funcións tras as eleccións municipais, e a contestación desas alegacións contaba con dúas páxinas, unha primeira asinada polo alcalde Ernesto Anido e unha segunda páxina totalmente en branco, sen cuñar nin rubricar nin rexistro de saída onde se lle dicía aos veciños ou aceptada ou non aceptada, un documento en branco que podería facer calquera, esa é a seguridade xurídica que lle daban aos veciños. Afirman que hai cambios substanciais e piden unha nova publicación en contra dos informes dos técnicos, pero o plan non se expuxo despois de aceptar ou denegar alegacións nin o grupo PP solicitou expoñelo novamente antes de traelo en decembro a aprobación provisional, e aí xa houbera modificacións das alegacións e outras posteriores, incluso de informes sectoriais. A aplicación da nova lei do solo podería levar ao Concello a estar varios anos sen plan xeral, cunhas normas subsidiarias que dende logo non dan seguridade xurídica. Di que o voceiro do PP permítese dubidar dos criterios técnicos e interpreta o que estes din, polo que ela non vai facer interpretacións e vai ler textualmente os informes. Le parte do informe do Arquitecto da Deputación, afirmando que non hai arquitecto en Sada debido a que o goberno anterior non considerou necesaria esa praza e todo eran asesorías externas, e dito informe di nas consideracións finais que ningunha das correccións que se propoñen no mesmo para salvar os desaxustes coa normativa urbanística vixente detectados, van producir cambios substanciais no documento do Plan aprobado inicialmente que obriguen a abrir un novo prazo de información pública; le tamén o informe do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo que se refire á análise xustificativa realizada polo equipo redactor e ao criterio xurisprudencial para constatar a inexistencia de modificación substancial con respecto ao documento inicialmente aprobado que puidera dar lugar a un novo período de exposición pública, de acordo co previsto no artigo 85 da LOUGA.-

O sr. Montouto considera que na exposición do grupo PP hai erros de concepto que se debe aclarar, porque están confrontando o documento de aprobación provisional que dito grupo elaborou co documento de aprobación provisional actual, cando hai que confrontalo co documento de aprobación

inicial, non se pode comparar unha proposta coa outra, hai que comparalas co documento de aprobación inicial. Analiza acto seguido diversos cambios do documento, dicindo en relación coas alusións á memoria ambiental que agora se reducen os sectores residenciais, outra cousa distinta sería se os aumentaran. Sobre os usos do hotel di que hai unha táboa de compatibilidade na que o equipo redactor indica os usos que son compatibles e os que non, porque a redacción dada aos usos remite a esa táboa. Cuestións coma a dos espazos libres en Veigue hai que estudalas co conxunto dos planos, de zonificación, de xestión, de estrutura, incluso confrontalo cos planos das normas subsidiarias, pois hai cousas que non se pode ver nun só tipo de planos. Di que a seguridade xurídica que dan as alegacións neste momento do procedemento administrativo é nula, porque son un mero acto de trámite, a seguridade xurídica para os veciños é cando hai aprobación definitiva e existe un acto administrativo firme contra o que se poden interpoñer os recursos contenciosos que correspondan.-

O sr. Anido di que o plan traído a Pleno en decembro ía cos informes sectoriais e coa atención das alegacións e agora o que se trae é unha modificación substancial dese plan; a sra. Bolaño non leu a páxina 17 do informe do arquitecto da deputación, onde di que a anterior consideración non está referida ás variacións que puidesen existir entre a presente versión do plan formulada para aprobación provisional e a que foi obxecto de información pública, e neste informe se basean todos os demais informes dos outros técnicos; hai cambios substanciais respecto aos informes sectoriais, modificacións que afectan a outros concellos, cambia o sentido das contestacións das alegacións, motivos suficientes para expoñelo ao público novamente. El está dado de alta e ten unha promotora, fixo promocións aquí en Sada e en Betanzos, en cambio non sabe aínda a que se dedica o sr. Gómez; efectivamente no ano 2003 ou 2004 compraron un terreo en Fontán coa pretensión de promover aí unhas vivendas, e se lle propuxo ao equipo redactor no Plan tres áreas de reparto, que agora se anulan e inclúen no Plan Especial de Protección de Fontán, o que vai atrasar moito máis o desenvolvemento desa zona, e é falso que se obtivera un beneficio urbanístico desa parcela, na que hai un cartel co que se podía facer cando a compraron e o que se pode facer agora, e un 25% da parcela é dun socio deles; di que outro pelotazo é o edificio Cabriales en Fiunchedo, no que había dous polígonos que agora se anuláron e uniron nun só, aumentando a edificabilidade dun 0,40 a un 0,50 e afectando ademais a superficie dos colindantes sen darlles opción de alegar, o que se pretende é a legalización dese edificio afectado por sentenzas firmes, aínda que hai unha alegación contraria do sr. Benito Portela. Gustaríalle ser Andrés de Meirás, que tiña fincas en plans especiais de ordenación de núcleo e agora se llas meten en núcleo rural, e ten a certeza de que dito individuo está nesta corporación e vai votar a favor deste Plan. Di que o grupo PP non está de acordo con este documento porque ten cambios substanciais e van votar en contra.-

O sr. Alcalde quere expoñer as razóns polas que se debe hoxe aprobar o PXOM de Sada; unha xa a dixeron todos os grupos, que é dotar a Sada de seguridade xurídica porque as normas subsidiarias son un documento demasiado simple para constituír o planeamento dun concello como Sada, e aínda menos a ordenación urbanística provisional do ano 2006. Tamén se trata de que o plan incentive o desenvolvemento sostible dende o punto de vista ambiental e económico, xenerando solo industrial e terciario ben dimensionado e executable adaptándonos ao informe de sustentabilidade ambiental como recomendou a Xunta. O plan serve tamén para mellorar as infraestruturas viarias e mellorar a seguridade vial, obxectivos que nalgúns casos esixen plans de ordenación de núcleo rural; aproveitando o novo sistema viario e as novas aliñacións para obter unha mobilidade máis sostible por todas as parroquias e tamén no núcleo urbano de Sada. Outros motivos son a obtención de equipamentos e dotacións, dos que pon diversos exemplos, e a ampliación e mellora dos existentes, como o colexio de Sada e os seus Contornos; a mellora dalgúns espazos asistenciais básicos como os accesos a ASPACE; nas parroquias a obtención de espazos comúns e de convivencia; aumento da protección do litoral, sobre todo nas parroquias de Veigue e Carnoedo, o que servirá para protexer o interese xeral e potenciar esas zonas que van ser un mellor sitio para vivir. Continúa o sr. Alcalde a súa intervención enunciando diversos obxectivos e efectos do PXOM que constitúen sendos motivos para a súa aprobación, entre eles: sentar as bases de planeamento para aprobación do Plan especial do Porto e delimitar dunha vez por todas os espazos náuticos e pesqueiros; facilitar o desenvolvemento do sector primario tanto do mar coma do agro, sectores historicamente maltratados polas administracións; protexer en maior medida as zonas medioambientalmente sensibles e actuar nas zonas de transición entre o medio urbano e o medio natural como as Traseiras de Barrié para desfrutar da natureza sen deteriorala; aumentar a protección e catalogar elementos patrimoniais, arquitectónicos, arqueolóxicos e culturais; regular os usos que están levando a cabo empresas que están funcionando en Sada, como as do Tarabelo ou a Cerámica do Castro.

Pide a todos os grupos desta Corporación que se esquezan de intereses partidistas e procedamos a sentar as bases da Sada do futuro.-

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e sete votos en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación do Municipio de Sada, redactado pola empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P., coas modificacións introducidas nos termos que constan no expediente respecto do inicialmente aprobado, recollendo as determinacións da Memoria Ambiental aprobada por resolución de 25-2-2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e as observacións procedentes dos informes emitidos, así como as modificacións resultantes da estimación total ou parcial das alegacións presentadas durante el trámite de información pública que foron informadas favorablemente, en número de 1.329.-

2º.- Desestimar, en base ás razóns expostas nos informes técnicos e xurídicos que obran no expediente, as 670 alegacións informadas desfavorablemente, así como a totalidade das alegacións presentadas fóra de prazo.-

3º.- Remitir o documento do Plan provisionalmente aprobado, debidamente dilixenciado e cunha copia autenticada do expediente administrativo, á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Territorio da Xunta de Galicia, para os efectos de que outorgue a resolución que proceda verbo da súa aprobación definitiva.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e unha horas e cincuenta minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-